



O CHUVI RECIBIU HOXE AO ALUMNADO DE TÉCNICOS DE COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMARÍA

- *57 estudantes deste grao inician hoxe o seu módulo de Formación en Centros de Traballo (FCT) nos hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro*

Vigo, 12 de setembro de 2023. Un total de 57 alumnas/os do ciclo de grao medio de Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermaría (TCAE) comezaron hoxe o seu período de formación no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

Este alumnado de TCAE, que cursa o ciclo formativo en distintos centros educativos de Vigo, completará a súa formación nos hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro, realizando este módulo de FCT imprescindible para acadar as competencias profesionais propias da titulación TCAE

A subdirectora de Enfermaría da Área Sanitaria de Vigo, Dolores Muíños, xunto coa coordinadora de Docencia TCAE, Modesta Riobó, foron as encargadas de darlles a benvida oficial, nun acto nos que se lles facilitou toda a información e normas para o desenvolvemento desta formación.

En toda a Área Sanitaria as/os profesionais, neste caso TCAEs, exercen unha importante labor docente, xa que titorizan a este alumnado durante a súa estancia nos hospitais.

Unha titorización imprescindible para que o alumnado poida integrar na súa práctica os coñecementos teóricos adquiridos no centro educativo, así como tamén actitudes e valores para alcanzar as competencias profesionais necesarias que o habiliten para prestar unha atención sanitaria adecuada ás demandas actuais da nosa poboación.

